

Marzo 2018

## Concentración de delegadas e delegados da CIG Ensino polo XV Convenio Estatal de Atención a Persoas con Discapacidade

21 de marzo ás 12:30 horas en FADEMG (Vía Pasteur 53-A Polígono do Tambre, Compostela)

*Delegados e delegadas da CIG-Ensino concentraranse contra o inmovilismo e o involucionismo das patronais na negociación do XV Convenio Estatal de Atención a Persoas con Discapacidade.*

Co fin de esixir un cambio radical na actitude das patronais na negociación do XV Convenio Estatal de Atención a Persoas con Discapacidade, delegadas e delegados dos centros de atención a persoas con discapacidade pertencentes á CIG-Ensino concentraranse na mañá do mércores, 21 de marzo, diante dunha das patronais máis representativas do sector en Galiza, FADEMG.

Ademais de reclamar melloras laborais e salariais para o persoal demandarase tamén unha mellora na calidade da atención aos usuarios e usuarias.

A CIG-Ensino mobilizarase as veces que faga falla até conseguir os obxectivos marcados na nosa plataforma reivindicativa, aprobada en asembleas cos representantes dos traballadores e das traballadoras.

A continuación reproducimos as demandas básicas, recollidas na táboa reivindicativa da Cig-Ensino que foi



entregada na mesa de negociación:

- **Recuperación salarial:** suba lineal de **531 euros/ano** para os salarios inferiores ao salario medio galego anual (sobre 17.700€) e dun **3%** para o resto nas táboas salariais anuais; acordo plurianual de compensación pola perda acumulada de poder adquisitivo (5,2%).
- **Recuperación do complemento de antigüidade (trienios).**
- **Redución da xornada laboral a 35 horas semanais** nos centros de atención especializada, centros especiais de emprego e para o persoal de administración e servizos. Nos centros educativos, igual que no ensino concertado. Axuste da xornada máxima anual á semanal.
- **Eliminación dos descontos en caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral, os 3 primeiros meses.**

- **Recoñecemento de enfermidades profesionais.**
  - **Novos complementos de penosidade, perigosidade e toxicidade (80 € cada un deles)**
  - **Recuperación dos seis días de asuntos propios .**
  - **Permiso retribuído polo tempo necesario para asistir a consultas médicas o traballador/a, fillos e fillas menores de idade (ou acollidos/as) e familiares dependentes (pola súa idade ou enfermidade).**
  - **Reserva do posto de traballo durante o primeiro ano nas excedencias voluntarias, e**
  - **durante toda a vixencia das mesmas, naquelas por coitado de fillo/a menor, ou por coitado de familiar ou persoa dependente a cargo que convivan co traballador ou traballadora. A duración máxima destas tres modalidades de excedencias será de 5 anos.**
  - **Ao persoal que desenvolva a súa actividade en dous ou máis centros ou servizos dunha mesma empresa, no mesmo posto de traballo, aplicaráselle as mesmas condicións laborais en todos eles e serán sempre as máis favorables para o traballador/a.**
  - **Recuperación do plus de gratificación: cobro do 7% do**
  - **salario anual cada 12 anos na empresa.**
  - **Reducción da xornada para maiores de 55 anos.**
- Mentres non se cumpran estas demandas, os traballadores e traballadoras están dispostas a continuar coas mobilizacións e incluso convocar paros.



## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal